



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE ADXUDICAN AS AUTORIZACIÓNS PARA A CESIÓN TEMPORAL DO USO DAS HORTAS URBANAS MUNICIPAIS SITUADAS NOS PREDIOS DE CONDE DE BUGALLAL E MIRADOIRO DE MONTE PORREIRO

Atendendo ás solicitudes presentadas polas persoas que posteriormente se relacionan para o uso de parcelas nas hortas urbanas municipais sitas en Conde de Bugallal e no Miradoiro de Monte Porreiro, resultan relevantes para a resolución do procedemento os seguintes

ANTECEDENTES

1º- En 20/07/2018, por Decreto da Alcaldía apróbase o texto das bases reguladoras do uso das hortas municipais comunitarias

2º- Publícase o devandito decreto na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra e no seu Taboleiro de Anuncios e Edictos no prazo que vai do 23/07/2018 ao 22/08/2018, datas nas que se puideron formular as solicitudes.

3º- O 14/09/2018 reúnese a mesa para proceder ás adxudicacións mediante sorteo das diferentes bancadas correspondentes ás hortas urbanas sitas en Conde de Bugallal e Miradoiro de Monte Porreiro.

4º- A acta da mesa coas adxudicacións publícase o 14/09/2018 na Sede Electrónica do Concello e cúmprese o prazo legal de exposición pública para o coñecemento dos adxudicatarios e a presentación das correspondentes alegacións.

5º- Pasado o prazo de exposición das listas de adxudicatarios sen que se presentasen alegacións, dáse por cerrado o proceso de adxudicación considerándose as listas como definitivas.

6º En data 02/10/18, por Decreto da Alcaldía, apróbanse as autorizacións provisionais aos solicitantes e dispónse que se adxudicarán as parcelas que queden dispoñibles ao longo dos dous anos segundo a orde da listaxe de agarda obtida no sorteo e polo tempo que restaría de vixencia das primeiras autorizacións outorgadas.

7º Á vista do anteriormente exposto constátase que, unha vez adxudicadas todas as bancadas no sorteo de data 14/09/18, prodúcense renuncias que xeran parcelas



vacantes en ambos os hortos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local modificada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.

Texto refundido do Regulamento orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra con modificacións publicadas o 27/08/08 e 08/09/09.

Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

No exercicio das atribucións desta Alcaldía e ao abeiro do disposto no artigo 124,4ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

RESOLVO:

1- Conceder unha autorización provisional ás solicitantes das listaxes de agarda para o uso dunha horta urbana, cuxos nomes, horto e número de bancal asignado se relacionan a continuación polo tempo que restaría de vixencia das primeiras autorizacións outorgadas e baixo os mesmos condicionantes que estas.

ADXUDICATARIAS DOS BANCAIS BALEIROS EN MONTE PORREIRO			
NIF solicit	Nome	Apelidos	N.º bancal adxudicado
██████████	Diana	Fernández Acuña	7
██████████	Pilar	Suárez Redondo	15





OMAN

ADXUDICATARIA DO BANCAL BALEIRO EN CONDE BUGALLAL			
NIF solicit	Nome	Apelidos	N.º bancal adxudicado
██████████	Rosa María	Roig Morán	21

2- As adxudicatarias comprométense con esta autorización a desenvolver un uso na parcela asignada, conforme as normas reguladoras do funcionamento aprobadas.

Así o dispón e ordena o Sr Alcalde, en Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica, do que o secretario da Administración Municipal dá fe.

Asinado por: MARIA DEL MAR LAMOSO VARELA
Servizo: SERVIZO DE SECRETARIA E ASUNTOS XERAIS
Cargo: XEFA DE SERVIZO
Data: 07/03/2019

Asinado por: MIGUEL ANXO FERNANDEZ LORES
Servizo: ALCALDIA
Cargo: ALCALDE
Data: 05/03/2019
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL.2019001135

